

A Eurocidade Chaves-Verín pon en marcha a segunda edición do Programa de Termalismo Social, que comezará o día 22 de maio e na que grupos de 30 a 50 persoas poderán acudir ás Termas de Chaves beneficiándose dun desconto do 50 por cento.

Esta segunda edición do programa permitirá que as persoas acudan ás Termas de Chaves durante 9 días seguidos, facendo o tratamento que, en cada caso, o médico lles prescriba na consulta, que se realizará no primeiro día. Este tratamento conta con valores especiais en relación aos prezos oficiais, de maneira que este programa custará aos eurocidadáns o mesmo que se fose da man do Imsero ou do Inatel (no caso portugués). No paquete inclúese: transporte en autobús ata as Termas de Chaves e regreso a Verín, consulta de médico e acompañamento de enfermería, prácticas termais prescritas polo médico hidroloxista, albornoz e kit termal para os tratamentos e cea/espectáculo no Casino de Chaves.

O custo deste paquete oscilará entre os 205 € e os 265 €, dependendo da tipoloxía dos tratamentos que inclúa despois da consulta médica e a súa prescrición. No último día de devandito programa terá lugar unha cea de despedida no Casino de Chaves, con espectáculos de variedades en directo, todo incluído no prezo.

As inscricións poden realizarse, ata o 21 de maio, no Gabinete de Apoio Técnico da Eurocidade, situado no Concello de Verín, e na Casa da Cultura da Cámara Municipal de Chaves.